

Fóra de Portas

PUBLICACIÓN DO OBRADOIRO DE XORNALISMO DO IES «CONCEPCIÓN ARENAL» DE FERROL

PREZO: 1 €

SETEMBRO DE 2011, Nº 23

SUBVENCIÓN:
DIRECCIÓN XERAL DE
POLÍTICA LINGÜÍSTICA

XI
Certame
de
Poesía
e
Imaxe

EN GALEGO SEN FILTRO

1º Premio:
Andrea Rodríguez Nicolás
(2º Bach. A)



PREGÚNTOME CANDO

[...]

En soño defininme coma unha aparición
que se abre as veas en público
sentindo diante miña
un firme e invisible
punto final
no aire.

(Lois Pereiro)

FÓRA DE PORTAS, PUBLICACIÓN PERIÓDICA
DO IES "CONCEPCIÓN ARENAL" DE FERROL

NÚM. 23
Curso 2010/11

INTEGRANTES DA REVISTA

DIRECCIÓN, COORDENACIÓN E
REDACCIÓN

Manuel Rei Romeu
Faustino Seco Penedo
Elvira Roiz Mesías
Manuel Pazo Blanco

DESEÑO E MAQUETACIÓN

Elvira Roiz Mesías

ALUMNADO

Cristina Teijeiro Leiras
Sofía Lorenzo González
Pablo Paz Cotilla
Aitor Alañá Pérez
Leticia Cartelle Cobo
Eva Alexandra Fernández
Cristina Tuimil
Beatriz Deus Bouzas

PROFESORADO

AGRADECIMENTOS

Persoal de Secretaría
Persoal de Conserxería

TIRAXE

300 exemplares

IMPRIME

Imprenta SAN ESTEBAN, Perlío-Fene

EDITA

Obradoiro de Xornalismo do IES "Concepción Arenal"

ENDEREZO

IES "Concepción Arenal". Rúa Cuntis, nº 1-
Ferrol

DEPÓSITO LEGAL: C-1872-2008

Advertencia:

Fóra de Portas non comparte necesariamente —aínda que as respectivas opinións aparecidas nas páxinas deste número. (Por suposto, tampouco compartimos moitas opinións recollidas noutras revistas e xornais).

Pémitese a reprodución sempre que se cite a fonte.

Peche de edición:
setembro de 2010

FÓRA DE PORTAS

Año 2011
Número
23

Editorial

"A GRANDES CRISES, GRANDES REMEDIOS"

FÓRA DE PORTAS sae en setembro. Nunca tal cousa se viu. Tamén nós suspendemos ás veces e temos que presentarnos nunha convocatoria extraordinaria.

Esperamos aprobar nesta ocasión. Despois de todo, o máis importante é conseguir saír adiante.

A responsabilidade toda asumímola o equipo de coordinación, como non podía ser doutro xeito. Mais tamén queremos insistir no difícil e ingrato labor que se volve ter que andar co tirarrollas para sacar algún texto en limpo para a revista. Nos tempos que corren lemos moitísimo e escribimos moitísimo. Case desde que nos levantamos até que nos deitamos. Máis, se incluímos os correos que nos chegan ou se usamos messenger, twitter, tuenti, facebook ou se adoitamos recibir e enviar SMS, MMS desde o telemóvel. Todo vai moi rápido; tamén todo é moi efémero. A fin de contas, unha revista en papel semella algo anacrónico e parece que ten pouco sentido redactar unha colaboración que vai publicarse cando remata o curso. En fin, todo o mundo sabe onde estamos e que queremos: nin máis nin menos que "Fóra de Portas" se perpetúe como a revista do "Concepción Arenal" e con ela que perdure a memoria das cousas de cada curso.

Nada máis que catro pinceladas sobre o curso 2010-11 que estamos a rematar para reparar no que pasou e prepararnos para o que pode pasar. Queda prohibido mencionar o síndrome postvacacional na actual situación de crise. Os psicólogos e os medios de comunicación xa nos deixan claro que os ensinantes e funcionarios somos afortunados por ter traballo e estabilidade no mesmo. Aínda que nos baixasen o soldo aos empregados públicos e nos recortasen algunhas prestacións, temos que asumilo e mesmo considerámos afortunados. É normal que a empresa (o Estado) tome medidas cos seus empregados; como non se sabe quen foron os causantes da crise. Ve-

laí a experiencia de Rosalía: "¡Mais sucede nesta vida/que os que tén culpa n'a levan!"

A ollos da opinión pública e tras a nosa relativa resignación, vai resultar que eramos uns privilegiados e estabamos sobrepagados. Tamén, polo visto, estabamos a traballar horas de menos. Empeoran as condicións materiais do ensino público e deteriorábase a mantenta a imaxe do profesorado. Nós tamén somos responsábeis; daquela, preparémonos para a próxima.

O tan agardado Abalar non vai servir para abalar conciencias e superar a crise do sistema educativo. É máis, temos a sensación de que hai demasiada adicción ás pantallas (de todo tipo) e que, ás veces, funcionan como narcotizantes. E haberá que comprobar se as aulas non quedan saturadas de ondas electromagnéticas! Abalar abalaríamos algo se mellorasen as ratios profesor-alumno, se saísemos das rutinas, se o ensino primase o intensivo e non o extensivo (acabar coas programacións maratonianas, repetitivas e non adaptadas ás idades), se primase o como e non o que ou o canto, se o ensino tomase como punto de partida ou chegada o entorno próximo e a lingua propia, se fosemos quen de desterrar o ensino memorístico...

Volveu a tremer a terra e de que xeito! Tocoulle este curso ao Xapón, con tsunami incluído (o pasado curso foran Haití e Chile).

As actividades de homenaxe a Lois Pereiro foron do máis emotivo. Como en calquera das metáforas esenciais da vida, entre outras cousas, ensináronnos que aínda que o tempo sexa breve e cruel poden facerse grandes cousas...

Grazas a todos os que colaboraron e prestaron a súa axuda. Agardamos saír antes.

Sumario

3	EDITORIAL	18-20	CIENCIA: CONTAMINACIÓN ELECTROMAGNÉTICA E PRINCIPIO DE PRECAUCIÓN
4-5	DINAMIZACIÓN E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. HOMENAXE A LOIS PEREIRO	21-23	CIENCIA: OS OSCAR E OS TOP TEN DA CIENCIA
6-7	DINAMIZACIÓN E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. CHARLA DE XABIER P. DOCAMPO	24	CRÓNICAS VIAXEIRAS: VIAXE A ESPASANTE
9-11	RECUNCHO LITERARIO	25-28	PASATEMPOS
12-15	ENTREVISTA INÉS PEREIRO	29	BRINCADEIRAS
16-17	ENTREVISTA: AMALKALTUM MOHAMED	30-31	DESPELIDA DE OITO PROFESORES

Acto de Homenaxe a LOIS PEREIRO

SOFÍA LORENZO GONZÁLEZ (2º F BACH.)




Como tod@s sabemos xa a estas alturas, o Día das Letras Galegas de 2011 está dedicado ao monfortino Lois Pereiro (1958-1996), irmán dunha das profesoras do noso centro, Inés Sánchez Pereiro. Con motivo deste acontecemento, o pasado 16 de febreiro, día no que Lois cumpriría cincuenta e tres anos, recibimos a visita do xornalista Xosé Manuel Pereiro, irmán do poeta, e do afamado escritor Manuel Rivas, outro irmán, non de sangue, senón "literario", que viñeron a falarnos da figura de Lois, tanto no terreo persoal como artístico.



Manuel Rivas conversando con Inés Sánchez Pereiro, membro do Equipo de Dinamización da Biblioteca. A xenerosidade da irmá do poeta homenaxeado posibilitou a presenza dos dous convidados.

Nas imaxes inferiores, Carmela Martín recitando o poema "Estou vivindo un soño repetido" de Lois Pereiro e Guillermo Vizoso e Diego Pérez interpretando a canción "Knocking On Heaven's Door" de Bob Dylan.




O acto, que comezou ás doce e media e durou até pouco antes do remate da xornada, foi todo un éxito, tendo en conta o número de asistentes e o interese e cordialidade cos que acolleron aos conferenciantes.

Tras un prometedor comezo no cal algúns d@s nos@s compañeir@s leron un poema de Lois e interpretaron unha peza musical (pois a música, como ben nos dixeron na charla, era esencial para o escritor), arrincouse a falar Xosé Manuel, facendo un emotivo e ameno repaso á traxectoria vital do seu irmán, desde a súa máis temperá nenez ata a súa etapa de adulto, ilustrándoo cunha serie de fotografías que testemuñan diversos momentos da vida de Lois.

Logo tocoulle a quenda a Manuel Rivas, que nos obsequiou cun engaiolante discurso no que mesturou as súas lembranzas de Pereiro con reflexións sobre a literatura e a existencia, para rematar coa lectura dalgúns poemas do escritor.

Pero o acto non chegou á súa fin aí: aínda había oco para as preguntas dos asistentes. Unha alumna quixo saber se á hora de escribir, Rivas tiña xa todo planificado na mente ou ía improvisando no proceso da escrita. Unha vez satisfeita a súa curiosidade, o público marchou, agás aqueles/as que quixeron que Rivas lles asinase exemplares dos seus libros.

Grazas á súa exposición e mais á de Xosé Manuel descubrimos moitos pormenores da vida e da obra de Lois Pereiro, porque, non o esquezamos, a literatura hai que entendela en función dos momentos e experiencias que a inspiraron.



Rivas asinou xenerosas dedicatorias que incluían debuxos.




Tres "Manueis" na mesa: Manuel Rei, profesor de Lingua e Literatura do Centro, que presentou o acto; Manuel Rivas e Xosé Manuel Pereiro.



Rivas escoita compracido a intervención de Xosé Manuel Pereiro. O irmán de Lois, actualmente Decano do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, foi o líder do grupo Radio Océano, banda coruñesa de post-punk para o que Lois Pereiro compuxo algunha letra.



O Salón de Actos "Rosalia de Castro" estaba ateigado de alumnos/as de Segundo de Bacharelato, algúns profesores e público de fóra. Á dereita da fotografía vese a proxección dunha presentación de textos de Lois con caricaturas do poeta monfortino feitas por alumnos de arte do centro.



Charla de XABIER P. DOCAMPO

A charla tivo como principal obxectivo concienciar sobre o verdadeiro valor da literatura como medio para poñer nome aos nosos sentimentos e comunicarllos aos demais.

doce e, escoitando a tan marabilloso orador, un queda con ganas de máis.

PABLO PAZ COTILLA,
3º B ESO



(...) O primeiro punto da súa intervención foi falar sobre a literatura, a segunda cousa que máis lle gusta nesta vida, despois doutra que non puido dicir porque había rapaces diante. A literatura é unha ferramenta imprescindible para o ser humano e contou unha "historieta" para explicalo. Un home que vive en Ferrol esperta un día e descobre que non hai ninguén. Percorre e percorre Ferrol pero non encontra a ninguén. Sae de Ferrol e vai pola montaña e ao lonxe ve a unha persoa que vai en dirección oposta á súa. Ese home non está só, xa que hai outro máis na súa situación ao que lle pode narrar o que lle aconteceu.

Afirmou que non lle gusta moito falar dun mesmo e dos seus logros e por iso non contou moito dos seus premios e libros. (...) Segundo el, estaba facendo o seu discurso case de maneira improvisada, porque non quería dicir o mesmo en todos os colexios.

Tal vez a súa vocación literaria a obtivo do seu pai Raimundo, que contaba unhas maravillosas historias. Non era a historia en si, senón a maneira e a forma de contala. Se

**DÍA 22 DE MARZO
TIVIMOS O
PRIVILEXIO DE
ASISTIR, OS
ALUMNOS DE 1º,
2º E 3º DE ESO Á CHARLA
DE XABIER P. DOCAMPO**

Nacido en Rábade (Lugo) en 1946 e definido como chairego no seu corazón, pasou a adolescencia na Coruña, aproveitando cada oportunidade que tiña para volver ás súas raíces, mantendo, desa maneira, viva a memoria da infancia. Home polifacético, estudou maxisterio e traballou como mestre varias décadas; actor e director de teatro, locutor de radio, guionista de televisión e conferenciante son algúns dos seus oficios. Publicou a súa primeira obra, O misterio das badaladas, en 1986 e continuou a súa produción con obras como A chave das nozes, O armario novo de Rubén ou Cando petan na porta pola noite. Malia ser o autor dunha extensa produción literaria, defínese como un escritor pouco preocupado por publicar. Ten recibido numerosos recoñecementos tanto a nivel nacional como internacional.



Grazas a súa facilidade como orador, herdada do seu pai, que era un valorado "contacontos", relatounos a necesidade que o ser humano ten da literatura ao longo dos tempos. Incluso antes da aparición da escritura, xa existía a literatura e xa cumpría a súa función expresando os sentimentos, medos e desexos das persoas da época. É difícil imaxinar un mundo no que non existise a literatura, xa que sería un mundo sen sentimentos que poder expresar e, por tanto, un lugar árido no que non merece a pena vivir.

Rematada esta parte da charla, o autor deu entrada ás preguntas e deu lugar a un interesante coloquio que foi a parte máis bonita do acto. Dotado dun grande sentido do humor, foi relatándonos anécdotas persoais e interesándose polas nosas opinións en diversos temas.

« ... todos os asistentes
á charla gozámola coma
cativos cun doce. »

Creo que todos os asistentes á charla gozámola coma cativos cun

unha persoa contaba unha historia, todo o mundo quería que a repetise o seu pai. Tivo moito que ver o feito de que na súa casa houbo unha presenza continua da literatura oral. Aínda así, de pequeno non tiña claro o de ser escritor, porque todo o mundo lle dicía que tiña que ser cura. Outra cousa que dixo foi cal era o seu autor favorito: afirmou que era Cunqueiro.

« ... Tal vez a súa vocación literaria a obtivo do seu pai Raimundo, que contaba unhas maravillosas historias. »

Para rematar quero escribir a súa resposta a unha das preguntas do público. A Xabier P. DoCampo gústalle os nomes raros e por iso os pon nos seus libros. Ademais, ten un caderno con todos os nomes raros que xa non se usan e utilízaos nos seus contos.

Espero que vos gustase este artigo sobre Xabier P. DoCampo e a súa pequena visita ao Concepción Arenal.

AITOR ALAÑA PÉREZ,
3ºB ESO



O escritor foi presentado por Amparo Martínez, profesora de lingua galega, quen nos falou sobre Xabier P. DoCampo de forma resumida.


Xabier P. DoCampo falou pouco sobre si mesmo, sobre o noso instituto; tamén contou que as persoas non podemos vivir sen a literatura, para isto comentounos o que sería espertar un día e non ver a ninguén polas rúas e de repente atopar a outra persoa, poder falar con ela, narrarlle o que che aconteceu e poder facer que volverá existir raza humana.

Tamén aceptou responder a algunhas preguntas que lle tiñan preparadas os alumnos do instituto, tales como: "Onde atopas a inspiración para poder escribir?", "Gustaríache levar algunha das túas obras ao cine?" (á cal respondeu que a súa obra "A casa da luz" xa fora ao cine) ou "Ti querías ser escritor dende a xuventude ou antes quixeches ser outra cousa?" (á cal respondeu que cando era mozo non tiña claro que quería ser escritor), respondeu a varias preguntas máis. Ao finalizar a charla o galego dedicouse a firmar algúns autógrafos e algúns libros

seus que levaba algún que outro alumno/a.

O escritor pareceume moi amable e falador e, por suposto, con sentido do humor.

LETICIA CARTELLE COBO,
3ºB ESO



Diferentes imaxes de DoCampo no "Concepción Arenal", tiradas pola profesora Amparo Martínez, presentadora do acto. Xunto ao texto, o multipremiado *Cando petan na porta pola noite* (Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 1995, Premio Raíñas ao mellor libro do ano, Lista de Honra do IBBY 1996). Está considerada unha das cen mellores obras do século XX español pola Fundación "Germán Sánchez Ruipérez" e é libro de lectura nalgúñas aulas do noso centro.



"LIMITA A IMPOSIBILIDADE"

por
Beatriz Deus Bouzas
(2º E Bach)

Juso amigo que soñaches:
podes seguir a soñar,
máis non te encapriches demasiado
a desilusión te abrazará.

Cando a desgraza se ve tan clara e inevitable,
asume a realidade, amigo.

"CON OU SEN MUSA?"

por
Juan Jesús Espiñeira Vara
(2º E Bach)

Es ti a miña musa, obsesión e ilusión;
desvías os meus pensamentos cunha soa mirada,
pintándome na mente a túa silueta de fada,
espertas no meu interior unha oculta paixón.

Desenterras recordos hai tempo enterrados,
esquecidos pola súa dor, dor que espertas no momento
no que, cos teus ollos, avistas os meus adentros,
deixándome os ollos en lágrimas anegados.

Dime por que só coa miña dor son quen de verte,
dime por que só coa miña dor vesme visitar,
dime por que sen a miña dor so pinto azar,
dime por que só coa miña dor fun quen de terte.

Quero pintar poesía sen ter roto o corazón,
quero querer a alguén e recitalle os meus poemas
quero sorrir, vivir, lecer e non ter dilemas,
e no meu último alento sorrir con razón.

"CONSECUENCIA DAS BAGOAS ESCONDIDAS"

por
Beatriz Deus Bouzas
(2º E Bach)

A pupila cansa da nena,
vai que te vai na eira,
o seu falso sorriso a delata.
Cansa, está cansa.

Sentada na herba,
as mans no regazo
suxeitando, suxeitando... suxeitando o abstracto.

Olla vagamente as estrelas,
olla barro seco entre as súas pernas...
Estraga as horas pensando, non pode durmir.

Pensa que te pensa
vai que te vai pola eira,
estraga as horas pensando,
poder ser unha estrela,
e abandona, por un intre posesivo,
todos os seus problemas.

Agora por fin dorme.